

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                    | Concello | Ano académico |
|----------|---------------------------|----------|---------------|
| 15014738 | CPI Plurilingüe dos Dices | Rois     | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Educación plástica e visual | 5º Pri. | 1                | 35             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 18            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 19            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 20            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 21            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 22            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 23            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 23            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 24            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 25            |
| 9. Outros apartados   | 25            |

## 1. Introducción

Esta programación didáctica para a área de Educación Plástica e visual vai dirixida ao 5º curso de Educación Primaria. É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Estamos nun concello de tamaño pequeno con relación á poboación, e con moita dispersión. O CPI dos Dices atópase no lugar de Os Dices, no Concello de Rois. Este centro está enmarcado nun contorno esencialmente rural, o alumnado vive, maioritariamente, en núcleos de poboación moi pequenos e dispersos ao longo do Concello. As principais vilas da contorna son Padrón, Noia e Santiago. A dispersión condiciona o feito de que, en moitos casos, as únicas manifestacións culturais ás que ten acceso o alumnado son aquelas que se organizan ou promoven dende o propio centro escolar. Os recursos económicos das familias da contorna proceden, en xeral, de traballos derivados do campo (agricultura e gandería), ou do traballo nunha das industrias da zona. O nivel económico das familias pode catalogarse como medio.

O centro educativo presenta un horario de xornada continua, de 9:00 a 14:00, e aporta a posibilidade de servizos de comedor e de transporte escolar. Con respecto a atención a familias o día asignado é o martes, de 16:00 a 17:00 h.

Tamén contamos con diversos espazos como biblioteca incluída en PLAMBE, ou un espazo para representacións teatrais. Neste centro contamos con EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo. Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados arredor de 293 alumnos e alumnas e que conta con unha ou dous unidades dependendo do nivel. O grupo de 5º conta cun total de 18 alumnos e alumnas.

En canto o traballo do noso alumnado, os portátiles serán as ferramentas a través das editoriais aportadas polo servizo así como a configuración por parte do profesorado complementados con cadernos de traballo e libros que serán fundamentais para o desenvolvemento das nosas tarefas e actividades.

Esta programación didáctica para a área de Educación Plástica e visual é de especial relevancia. A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 6 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE  | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-----|------|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.  |     | 3  | 1    | 1  | 3     | 1  | 2   | 1-2  |
| OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.  | 3   | 3  | 2    | 1  |       | 3  |     | 1-2  |
| OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.  | 1   | 1  |      | 2  | 5     | 2  | 1   | 3-4  |
| OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1   | 3  | 3    |    |       | 2  | 1-3 | 3-4  |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título               | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Observamos o entorno | Centrarase na busca de detalles e a observación para a percepción dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. Certo tipo de conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.                   | 16             | 6          | X        |          |          |
| 2  | Actividade creativa  | Nesta unidade dunha forma libre e creativa os alumnos/as traballarán con elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado. | 16             | 6          | X        |          |          |
| 3  | Debuxo xeométrico    | Deseños e composicións cunha   | 16             | 6          |          | X        |          |

| UD | Título              | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3  | Debuxo xeométrico   | características predeterminadas. As Letras Galegas serán de especial relevancia.  | 16             | 6          |          | X        |          |
| 4  | Representacións     | Nesta unidade centrarémonos en diversas representacións artísticas. O traballo en grupo e grande grupo será predominante, procurando unha participación activa. | 16             | 6          |          | X        |          |
| 5  | Moito máis alá      | Traballaremos a partir de investigacións en diversos ámbitos culturais onde empregaremos diversos tipos de procedementos.                                       | 16             | 6          |          |          | X        |
| 6  | Sentimos con imaxes | Trataremos de transmitir diversas emocións a través de expresións artísticas orixinais do propio alumnado.  | 20             | 5          |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 1  | Observamos o entorno | 6        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.   | Identifica os recursos e materiais utilizados para elaborar unha obra.   | TI | 100 |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes.   |    |     |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.   | Analiza e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos. |    |     |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Deseña un instrumento musical empregando as formas xeométricas aprendidas. Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.          |    |     |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.   | Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.   |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.  | Combina e analiza as cores para utilizalas correctamente nas composicións individuais e grupais.  |           |          |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.   |           |          |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.   | Distingue o tema ou xénero de obras plásticas.  |           |          |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Cofece a evolución da fotografía dende o branco/negro á cor, formato papel ao dixital e valora as posibilidades que ofrece a tecnoloxía.  |           |          |
| CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.  | Organiza e planifica o seu proceso creativo desenvolvéndoo en esbozos e elixindo os que mellor se axeiten aos seus propósitos na obra final.  |           |          |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas.  |           |          |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.   | Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos e analizando o encadre máis axeitado.  |           |          |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.   | Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o contexto cultural, artístico e sobre a pescuda de material para a elaboración de traballos grupais. |           |          |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul> |

## Contidos

- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

| UD | Título da UD        | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 2  | Actividade creativa | 6        |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.  | Recoñece, interpreta e analiza a información que ofrecen as imaxes fixas e en movemento e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas empregando o vocabulario axeitado. | PE | 7  |
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.   | Recoñece e identifica as características das imaxes fixas e en movemento.  | TI | 93 |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Analiza imaxes fixas e en movemento, empregando terminoloxía axeitada, atendendo ao tamaño, cor, función, formato e iluminación.   |    |    |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.   | Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico.   |    |    |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e organización do material.   |    |    |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.   | Realiza imaxes humanas, animais e casas partindo dun bosquexo. Realiza debuxos relacionados coas profesións utilizando os coñecementos aprendidos.                                   |    |    |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.   | Representa formas xeométricas con precisión, coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.   |    |    |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.   | Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos.  |    |    |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.        | Utiliza o trazado de rectas paralelas.   |    |    |



| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.   | Emprega as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes                              |           |          |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.   | Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC, e amosa interese polo uso destas.   |           |          |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.  | Procura imaxes en soporte dixital para organizalas e transformalas en planos e mapas simples.                                    |           |          |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.  | Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre a búsqueda dun cartel grupal e elabora o seu propio anuncio. |           |          |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora o uso das TIC para documentarse.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación,</li> </ul> |

## Contidos

- manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

| UD | Título da UD      | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 3  | Debuxo xeométrico | 6        |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.   | Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o uso da liña horizontal nunha obra artística concreta. | TI | 100 |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.         |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.  | Traza formas xeométricas con precisión coa axuda das ferramentas básicas.  |           |          |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.   | Expresa con respecto as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dunha persoa autora ou criterio artístico.                                    |           |          |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.  | Traza ángulos de 90, 30 e 60 graos utilizando as ferramentas básicas.  |           |          |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.  | Participa nunha creación grupal baseada na representación do eixe de simetría para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras con finalidade estética. |           |          |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Presenta os traballos con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.   |           |          |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.   | Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.   |           |          |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade en composicións e creacións realizadas co ordenador.                   |           |          |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Utiliza con respecto as TIC para coñecer expresións artísticas e culturais.  |           |          |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.   | Emprega as novas tecnoloxías para iniciarse no deseño dixital, tratamento de imaxes ou na animación.   |           |          |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.   | Emprega as ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón e transportador).   |           |          |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Coñece, utiliza e valora os recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.
- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Características da linguaxe audiovisual multimodal.</li> <li>- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.</li> <li>- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4         | Representacións     | 6               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.  | Expresa e comunica, con autonomía e iniciativa, emocións e vivencias a través das súas propias creacións.  | PE        | 12       |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.   | Experimenta coas gamas cromáticas para imitar as cores imposibles e intensas presentes nos cadros de Andy Warhol.                                |           |          |
| CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas. | Coñece, lembra e describe, de forma oral e escrita e empregando un vocabulario axeitado, os datos máis relevantes da vida e obra de Andy Warhol. | TI        | 88       |
| CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.  | Coñece e identifica as características fundamentais do estilo Pop Art.   |           |          |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.   | Valora a obra e os procesos creativos do autor.  |           |          |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Respecta e valora as producións artísticas nas súas diferentes variedades.   |           |          |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.   | Observa, analiza e reproduce plasticamente as partes fundamentais do rostro humano.<br>Reproduce trazos e temas baseándose na obra do artista.   |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.   | Participa positivamente na realización dunha serigrafía con técnicas postmodernas.  |           |          |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Mantén limpos e coidados os materiais de pintura e modelado (ceras, pinceis, mesas...).   |           |          |
| CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas. | Experimenta de forma oral e escrita as propias ideas e emocións suxeridas pola observación da obra artística.                               |           |          |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Identifica, clasifica e realiza os distintos movementos no plano (translacións, eixes simétricos, xiros e simetrías centrais) co ordenador. |           |          |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Manifesta respecto na visita virtual ás fotografías de 360 graos do Museo de Bellas Artes de Montreal.                                      |           |          |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.   | Crea obras con patróns repetitivos seguindo as características das obras de Andy Warhol.  |           |          |
| CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.  | Realiza e colorea co ordenador serigrafías con distintos temas relacionados coa publicidade e actores e actrices famosos/as.                |           |          |
| CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.  | Debuxa, completa e colorea co ordenador e a pantalla dixital autorretratos e obras do artista.  |           |          |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 5  | Moito máis alá | 6        |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.   | Realiza e colorea co ordenador serigrafías con distintos temas relacionados coa publicidade e actores e actrices famosos/as.    | PE | 16 |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Analiza imaxes fixas e en movemento, empregando terminoloxía axeitada, atendendo ao tamaño, cor, función, formato e iluminación | TI | 84 |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.   | Representa formas xeométricas con precisión, coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.                                  |    |    |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.   | Selecciona adecuadamente estratexias para a busca de información.   |    |    |
| CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.   | Emprega as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes                             |    |    |
| CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.   | Debuxa, completa e colorea co ordenador e a pantalla dixital autorretratos e obras do artista.                                  |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> </ul> |



**Contidos**

- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.

| UD | Título da UD        | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 6  | Sentimos con imaxes | 5        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.        | Utiliza o trazado de rectas paralelas.   | PE | 14 |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Analiza imaxes fixas e en movemento, empregando terminoloxía axeitada, atendendo ao tamaño, cor, función, formato e iluminación  | TI | 86 |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e organización do material                      |    |    |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.   | Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos                     |    |    |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.   | Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC, e amosa interese polo uso destas.   |    |    |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.  | Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre a búsqueda dun cartel grupal e elabora o seu propio anuncio. |    |    |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.   | Valora o uso das TIC para documentarse.  |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta programación a área de Educación Plástica e Visual é fundamental e indispensable para aprendizaxe a través da observación e a experimentación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente cultural e social.

Desta forma defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

- Partir do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumno: coñecendo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo, motor e afectivo-social (Piaget).
- Partir do nivel de coñecemento: Zona de Desenvolvemento Próximo (Vygotsky).
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas: vínculos entre os novos contidos e os que xa existen (Ausubel). As propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade. É dicir, unha progresividade de todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Potenciar a autonomía do alumno na súa aprendizaxe: aprender a aprender, dotándoo das estratexias necesarias.
- Potenciar a actividade-interactividade por parte do alumno: relacións entre os novos contidos e os esquemas existentes (manipulativos, sensoriais).
- Potenciar as comunicacións interpersoais: socialización. O deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc
- Partindo da diversidade da aula: individualización.
- Perspectiva global: desenvolvemento espiral e globalización.
- Carácter lúdico das actividades de ensino-aprendizaxe: xogos, materiais e novas tecnoloxías. Un entorno multimedia no que a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros.

- Metodoloxías de investigación: parten de problemas concretos e teñen carácter de descubrimento a través da interacción.
- A metodoloxía será activa e participativa xa que o alumnado aprende facendo e sendo protagonista activo da súa propia aprendizaxe, a partir das pautas do seu profesor (busca de información, agrupamentos flexibles, traballo individual, esforzo persoal). Tamén será manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos do mundo.
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.
- Traballo sobre a interdisciplinabilidade: abordaranse contidos doutras áreas así como levar a cabo un traballo autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición e potencia a creatividade artística de obras
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Pizarra dixital   |
| Portátil : con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc. |
| Altofalantes  |
| Témperas  |
| Rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras, estoxo.  |
| Imaxes de obras de kandinski  |
| Bloc de debuxo e cartolinas   |
| Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual  |
| Deseños incompletos da obra de Warhol   |
| Regra, escuadro e cartabón  |

En canto a recursos materiais para o desenvolvemento das actividades empregaremos recursos didácticos e materiais diversos ( , lapis de cores, lapis de cores, rotuladores, bolas de cores, cartolina, tesoiras, pegamento, follas de papel e cadernos cuadriculados, plastilina, papel de cores, reloxos dixitais e analóxicos, etc.), así como o xornal, libros de lectura, portafolios, fichas didácticas, balanzas, etc. Esta selección de recursos materiais debe responder a

criterios que teñan en conta o contexto educativo e as características específicas do alumnado.

Nos recursos dixitais contamos con ordenadores que será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. Así como programas e aplicacións como: Canva, PIXTON e buscas de información en Internet, etc.

Facendo referencia aos recursos humanos: a coordinación cos compañeiros cunha metodoloxía común, a titoría, a través da que se pretende axudar á educación integral, á atención á diversidade e á mellora no proceso de maduración. Manterase unha relación permanente coas familias do alumnado, atendendo á conciliación profesional e familiar, xa que son os primeiros responsables da educación do alumnado e, polo tanto, deben ser axentes activos dentro do proceso educativo e formativo. Tamén colaborarán como recursos humanos o Departamento de Orientación onde os especialistas de PT e AL, os Equipos de Nivel, o Equipo de Dinamización do Centro, así como a colaboración con outras entidades externas.

O servizo que nos aporta a plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como instrumento de avaliación.

Tamén teremos en conta outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: representacións teatrais, producións audiovisuais..

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai unha pequena zona situada no corredor que serve de almacén de material para todo o edificio e do que se fai inventario de xeito regular.

A sección desta materia na páxina web do centro servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

## **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Segundo a orde do 9 de xuño de 2016 ao inicio de curso realizarase unha avaliación inicial para axustar a acción pedagóxica ás características e necesidades do alumnado.

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Para isto dedicaremos os primeiros días e basaras en:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Realización dunha serie de cuestións individuais para observar o nivel de comprensión artística.

A partir destas anotacións centrarémonos o punto de partida específico para cada alumno/a

- Visualización dos diferentes tipos de obxectos e paisaxes a través de imaxes, e analízalas
- Reflexionar acerca dun vídeo sobre artes plásticas e a importancia da creatividade artística.
- Busca de información guiada empregando diferentes fontes de información en formato impreso ou dixital.
- Actividades de produción/s concreta/s que permita establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

Unha vez finalizada a avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>16</b> | <b>16</b> | <b>16</b> | <b>16</b> | <b>16</b> | <b>20</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 0         | 7         | 0         | 12        | 16        | 14        | <b>8</b>   |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 100       | 93        | 100       | 88        | 84        | 86        | <b>92</b>  |

### Criterios de cualificación:

Ao longo das 6 unidades didácticas deste programa aparecen secuenciados e desenvolvidos os seguintes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, que serán os referentes para avaliar o grao de consecución das competencias e dos obxectivos, segundo o regulado no artigo 13 do Decreto 105/2014 e no a Orde do 9 de xuño de 2016.

Por outra banda, os criterios de cualificación coas súas respectivas porcentaxes, que se terán en conta nestas unidades didácticas, serán 25% traballo autónomo, 25% traballo en equipo, 10% participación, esforzo e actitude ante a materia, 10% o carteira individual e 30% as probas.

Os procedementos a empregar serán: observación sistemática, análise da produción, probas, cuestionarios abertos ou pechados, intercambios orais ou gravacións e análises.

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. Haberá unha proba escrita nunha das últimas sesións de cada UD, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente.

As táboas de indicadores terán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido. Así, terase en conta diariamente:

Tarefas realizadas en tempo.

Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección.

Participación activa e positiva nas tarefas colectivas.

Uso dunha linguaxe adecuada, e respectuosa coas diferencias.

Todos estes indicadores recollidos nos cadernos de control do profesor, sumarán puntuación ata acadar a porcentaxe correspondente.

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as dúas unidades didácticas, obterase a media das dúas, e darán a

nota da avaliación.

### **Criterios de recuperación:**

Para os alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación positiva nalguna unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos co mestre/mestra en primeiro lugar, e na medida das disponibilidades asignadas pola Dirección, das horas de profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL. Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan auto-xestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, despois da unidade didáctica 4, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Aínda admitindo os patróns de desenvolvemento propios do alumnado de 5º de Educación Primaria, a atención á diversidade afecta a todo o alumnado do grupo clase, xa que cada alumno presenta características e necesidades, estilos e ritmos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais e culturais diferentes. Neste centro educativo as medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o equipo directivo.

Para levar a cabo a atención diversidade do alumnos e alumnas neste grupo de 5º de Educación Primaria teremos en conta:

-Conta coa dispoñibilidade de profesorado necesaria e precisa en función das dificultades atopadas de cada grupo. Aproveitarase para reforzar contidos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas.

-Os especialistas de PT ou AL de ser o caso, e se así o determina o Departamento de Orientación.

-A forma de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que os máis capaces axudan aos que teñan dificultades.

- Cos recursos dixitais conseguiremos que cada alumno ou alumnas realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais e que sexan capaces de realizalas.

-Durante o proceso no que os alumnos/as realizan as tarefas en grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades

- Leva a cabo actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Tratar de mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora  | X    |      | X    |      | X    |      |
| ET.2 - Expresión oral e escrita   | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual   | X    |      | X    |      | X    |      |
| ET.4 - Competencia dixital  | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento      | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres                                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible    | X    |      | X    |      | X    |      |
| ET.9 - Educación para a saúde   | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

### Observacións:

Con respecto os elementos transversais a traballar na área de Educación Plástica e visual, estes abarcan a totalidade das unidades didácticas, facendo énfase no referido á educación para a saúde, igualdade de xénero ou na educación para a paz. A acción educativa nesta área irá encamiñada a resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc. Fundamental nesta área, xa que empregámola como principal vehículo de interacción co medio que nos rodea e creación de obras artísticas con mensaxes implícitos que serán traballados como por exemplo a educación para paz a través de conmemoracións como o día de Paz e non Violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Elaborar obras para os corredores trimestralmente | Os corredores serán decorados cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas. |          |          |          |
| Exposicións de traballos                          | Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...                     |          |          |          |

| Actividade   | Descrición                              | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Traballos que serán expostos con invitación ás familias. | Prestación a través de Pixton, Canva... |          |          |          |

#### Observacións:

En cada un dos trimestres os alumnos e alumnas poderán gozar dunha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo. Así como obradoiros, charlas e conmemoracións para traballar dunha forma distinta diferentes tipos de eventualidades.

Estas actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais. Que serán imprescindibles e motivantes para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.  |
| Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.                                      |
| Aportouse información ao persoal docente titor.  |
| Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |
| Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.  |
| A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.   |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación.   |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.                                     |
| Máis do 80% do alumnado superou a materia.   |
| Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.   |
| Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.   |

#### Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.



Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## **9. Outros apartados**